

**Expediente núm.:** 867/2024

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bolsa de emprego  
persoal de limpeza

## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO**

Reunidos ás 9:30h, na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 13 de marzo de 2025, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de creación de bolsa de emprego para persoal de limpeza, os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. Andrés Busto Allo, técnico administración xeral do Concello de Outes
Vogal	D <sup>a</sup> Sofía Pérez Figueira, técnico auxiliar de urbanismo do Concello de Outes
Vogal	D. Manuel Rama Dosil, auxiliar servizos sociais do Concello de Outes
Vogal	D <sup>a</sup> Berta Buján Casanova, coordinadora de servizos sociais do Concello de Outes
Secretaria	D <sup>a</sup> Juana Pedrosa Leis, educadora familiar do Concello de Outes
Persoal asesor	D <sup>a</sup> Irene Espasandín Bermúdez, técnica de orientación laboral do Concello de Outes

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2025-0108 de data 27/02/2025. Para elo procédese a:

**PRIMEIRO.** Realizar e avaliar o primeiro exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base sétima, apartado 7.1) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo.

Non se presentaron as/os aspirantes Agraso Santamaría, M<sup>a</sup> Teresa; Cantariño Abelleira, M<sup>a</sup> Dolores; Demyanchuk Tetyana; Ferreiro Suárez, Lorena; Fraga Landeira,



M<sup>a</sup> Consuelo; Moledo Rama, Silvia; Pereira García, M<sup>a</sup> Dolores; Rama Rúa, Ana e Sande Sande, Franco. Ditos/as aspirantes quedan excluídos do proceso de selección atendendo á base sétima da convocatoria onde di "*Exercicio único: de carácter obrigatorio e eliminatorio.*"

Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.

Atendendo ás respostas correctas das 20 preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición (xúntase como Anexo a esta Acta a proba presentada aos aspirantes coas respostas correctas sombreadas); a cualificación do primeiro exercicio é a seguinte:

<b>IDENTIDADE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Antelo Romero, Carlos	10,00
Arcos Olveira, Diego	6,00
Blanco Núñez, Sara	6,50
Brenlla Canaval, Marcos	7,50
Brión Lago, Eliana	6,50
De Ron Suárez, M <sup>a</sup> Teresa	8,50
Del Río González, Patricia	6,00
Fernández Rodríguez, Javier	5,50
Fernández Rodríguez, Raquel	9,00
García Novo, M <sup>a</sup> Pilar	9,50
González Rodríguez, Vielka	6,00
Leis Romero M <sup>a</sup> José	7,50
Lorenzo Sendón, M <sup>a</sup> Jesús	8,00
Martínez Campos, Graciela	7,00
Martínez Figueira, Manuela	7,50
Ramos Senra, Eva M <sup>a</sup>	8,00
Rivas Ferreiro, Josefa	7,00
Rodríguez Martínez, Juana	8,00
Santiago Silva, M <sup>a</sup> Belén	6,50
Santos Lorenzo, M <sup>a</sup> Antonia	9,00
Seijas Pedrosa, Jessica	8,50
Sendón Villar, Carmen	8,00
Varela Martínez Carlos	7,50
Vázquez Brión, Beatriz	9,00
Villar Martínez, Noa	9,00



**SEGUNDO.** Establecese un prazo de reclamacións dende a data de publicación desta acta ata o xoves, 20 de marzo de 2025, ás 14:00 horas.

**TERCEIRO.** Convócase aos seguintes aspirantes; que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición e non acreditaron estar en posesión do Celga 2; á realización da **proba práctica de coñecemento do galego** (base oitava da convocatoria). Dita proba terá lugar o vindeiro xoves, **20 de marzo de 2025, ás 9:00 horas na Casa de Cultura** do Concello de Outes.

1. Fernández Rodríguez Javier
2. González Rodríguez, Vielka
3. Santos Lorenzo, M<sup>a</sup> Antonia

O presidente dá por terminada a reunión ás 12:30 horas.



**ANEXO I****CUESTIONARIO****Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_**DNI/ NIE:** \_\_\_\_\_

Instrucións:

- O cuestionario consta de **20 preguntas tipo test e 3 de reserva** para o suposto de impugnación dalgunha das 20 preguntas. Cada pregunta só ten unha resposta correcta.
- O tempo do que se dispón para a realización do cuestionario é de 30 minutos.
- Non se permite o uso de ningún tipo de dispositivo móbil durante a realización do cuestionario.
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) NON penalizan.
- De haber varias respostas marcadas nunha mesma pregunta, considérase errónea para todos os efectos.
- Se a persoa marca inicialmente unha resposta e posteriormente cambia a súa opción, deberá indicar claramente cal é a resposta correcta.

**1.- Os equipos informáticos deben limpase con:**

a) Auga

**b) Produtos antiestáticos**

c) Deterxente

**2- Número de parroquias do concello de Outes:**

a) 9

**b) 10**

c) 8



**3- Como se prepara a dilución dun desinfectante en proporción 1:10?**

a) Con nove partes de auga e unha de desinfectante

b) Con dez partes de auga e unha de desinfectante

c) Con dez partes de desinfectante e unha de auga

**4- Con que outro nome é coñecido o hipoclorito sódico?**

a) Desengrasante

b) Iodo

c) Lixivia

**5- Con respecto á etiquetaxe dos recipientes de produtos de limpeza:**

a) É suficiente con que a etiqueta figure no recipiente de orixe

b) Non é obrigatorio a súa etiquetaxe

c) A etiqueta debe figurar no recipiente de orixe e en cada un dos envases sucesivos tras o seu envase e reacondicionamiento

**6- Na limpeza do mobiliario:**

a) Comprobarase a orde dentro dos caixóns

b) Ten que manterse a orde e a disposición dos obxectos que se atopen nos mobles

c) Colocaranse os papeis e documentos nos andeis e archivadores

**7- A lixivia e o alcol teñen en común que son:**

a) Desinfectantes

b) Desengrasantes

c) Ambas son correctas

**8.- Con que frecuencia deberá realizarse a limpeza de corredores e chans de zonas comúns dun edificio municipal?**

a) Diaria

b) Semanal

c) Cada 3 días



9.- **A hora de eliminar a suciedade nos cristais, hai que ter en conta que a súa limpeza efectuarase:**

- a) De abaixo cara arriba
- b) De arriba cara abaixo**
- c) En diagonal

10.- **En que parroquia do concello de Outes sitúase o Centro Náutico Francisco Rama Vázquez "Fufú"?**

- a) Sabardes (San Xoán)**
- b) Freixo
- c) Cando

11.- **Para manter as propiedades da lixivia, esta debe diluírse en:**

- a) Auga fría**
- b) Auga quente
- c) É indiferente

12.- **No desempeño das tarefas de limpeza, cal é a orde correcta ?**

- a) Ventilar, accións de limpeza, retirar residuos**
- b) Retirar residuos, accións de limpeza, ventilar
- c) Ventilar, retirar residuos, accións de limpeza

13.- **Como se procederá na limpeza dos corredores e zonas comúns dos edificios municipais?**

- a) Na medida do posible, ao seu paso eliminarase o po de todas as superficies horizontais e zócalos, así como dos elementos que nos atopemos ao noso paso: interruptores, extintores,etc
- b) Efectuarase un varrido húmido ou o sistema de limpeza máis adecuado segundo o tipo de superficie
- c) As respostas a e b son correctas**



14.- Segundo a Lei de Bases de Réxime Local, dentro das súas competencias, cal é un dos servizos presentes en todos os municipios?

a) Recollida de residuos

b) Parque público

c) Protección civil

15.- Que indica este pictograma presente no envase dun produto de limpeza?



a) Canceríxeno

b) Corrosivo

c) Perigo para o medio ambiente

16.- Cal destes non se recolle na Constitución como un dereito fundamental?

a) O dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe

b) O dereito de asociación

c) O dereito a unha vivenda digna

17.- Cal destes concellos NON limita co concello de Outes?

a) Muros

b) Mazaricos

c) Lousame

18.- Cal das seguintes funcións non é unha función propia do persoal de limpeza?

a) Baleirado das papeleiras

b) Reposición de xabón e papel nos aseos

c) Reparación de pequenos danos e avarías

19.- Segundo o comportamento dos deterxentes para disolver a suciedade, clasifícanse en:

a) Alcalinos e lixivias

b) Xabóns, deterxentes e lixivias

c) Básicos, acedos e neutros



20.- **Segundo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, enténdese por acoso sexual:**

a) Calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña por propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

b) Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo

c) Calquera comportamento físico de natureza sexual que teña por propósito atentar contra a dignidade dunha persoa.

## PREGUNTAS DE RESERVA

1.- **Para eliminar pegadas de mobles de madeira farémolo con:**

a) Un pano de microfibra lixeiramente humedecido cunha mestura de xabón neutro e auga

b) Un plumeiro

c) Con abundante auga e xabón

2.- **Segundo o Título II do Estatuto Autonomía de Galicia, cal destas non é unha competencia exclusiva de Galicia?**

a) A xestión das prestacións por desemprego

b) Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda

c) A promoción e o ensino da lingua galega

3.- **O mobiliario lavable:**

a) Limparase cun pano humedecido

b) Limparase cun pano para o po

c) Ningunha das anteriores é correcta

Sinatura: \_\_\_\_\_

